

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 24 de agosto de 2015

ACTA Nº 12/2015

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte e unha horas do día vinte e catro de agosto do ano dous mil quince, réunese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión extraordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D. Manuel Bartolomé Freire Eiras

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luís Alberto Gil García, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

2.- APROBACIÓN DO RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

3.- INCORPORACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE AGRA DE FILGUEIRA DE LOURO AO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO, DE ACORDO CO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA A FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORA DA SUPERFICIE DE XOGO DO CAMPO DE FÚTBOL DE AGRA DE FILGUEIRA (LOURO).

4.- PROPOSTA DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

A **Sra. alcaldesa** toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria e dispón a votación para a aprobación das actas correspondentes ás sesións plenarias do 13 de xuño de 2015 e do 9 de xullo de 2015.

En canto á acta da sesión constitutiva da corporación do 13 de xuño de 2015, a portavoz do Grupo Popular, a **Sra. Monteagudo**, sinala que no terceiro parágrafo non se recolle que os/as concelleiros/as do BNG adoptaron unha fórmula diferente para tomar posesión.

O portavoz do BNG, o **Sr. García**, sinala que nesa acta se fala de votación secreta, cando en realidade foi a man alzada.

Votación: Despois de recollidas as puntualizacións feitas, quedan aprobadas por unanimidade as actas correspondentes ás sesións plenarias do 13 de xuño de 2015 e do 9 de xullo de 2015.

2.- APROBACIÓN DO RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

A **Sra. alcaldesa** le a proposta do réxime de retribucións dos membros da corporación coas súas concrecións e dá paso a quenda de intervencións.

A **Sra. Monteagudo**, do Grupo Popular, tras afirmar que está de acordo coa dedicación exclusiva da alcaldesa, engade que o soldo bruto é superior ao que se dixo durante a campaña e que non é representativo o informe de tesourería sobre a comparación do gasto do actual goberno con respecto ao anterior, se ben parece deducirse que a contía é moito máis elevada ca o anterior.

A **Sra. González**, tras amosar o seu parecer sobre a falta de coherencia do novo goberno e actuar de forma distinta a cando estaba na oposición, declara que o novo goberno falta a súa confianza e que as retribucións van supor un incremento salarial considerable.

Así mesmo, afirma que se pediu o informe do estado actual da partida, debidamente desagregado e insta ao secretario a que se pronuncie sobre a suxeición do Concello á base de execución 27ª do orzamento.

O **Sr. García**, do BNG, tras amosar a falta de responsabilidade do PSOE por poñer o goberno na situación delicada actual, expón que a primeira proposta non lle parecía adecuada e tras dubidar sobre absterse na votación, van votar a favor.

Na segunda rolda de intervencións a portavoz do Grupo Popular non intervéñe e fai a súa intervención a **portavoz do Grupo Socialista** para dicirlle ao concelleiro e á concelleira do BNG que non sabía que houbera contactos entre eles e o grupo de goberno. Que non procede a subida de soldos, que é un abuso de confianza así como que vai en contra do establecido nas bases de execución dos orzamentos e que van votar en contra.

O portavoz do BNG, non intervén.

A **Sra. alcaldesa** explica que na primeira proposta estaban todas as dedicacións parciais, que logo da Xunta de portavoces dos tres grupos quedaron en recollelas na proposta.

Interrompe a Sra. González para dicir que se nega a ser fotografada por considerar vulnerada a Lei Orgánica de Protección de Datos.

Continúa a **Sra. alcaldesa** dicindo que non é certo que CxG dixera soldos "0" na anterior lexislatura, que o que dixo é que a partida dos asesores era excesiva. Así como, que na anterior lexislatura non cobraran como grupo político municipal.

Dispónse a votación co seguinte resultado: cinco votos a favor dos/as tres concelleiros/as de CxG e do concelleiro e concelleira do BNG. Catro abstencións dos/as concelleiros/as do PP e catro votos en contra dos/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE.

Acordo:

Primeiro.- Aprobar o réxime de retribucións dos membros da Corporación de Muros que a seguir se detalla, con efectos desde a data de aprobación do acordo plenario da Corporación:

1.- Alcaldía: dedicación exclusiva e unha remuneración bruta mensual de 3.000,00 € en catorce pagas ao ano (aproximadamente 2.200,00 € netos mensuais).

2.- Primeiro tenente de alcalde e Concellería delegada de Obras e Medio Ambiente: dedicación parcial, cunha atención efectiva dun mínimo de 34 horas semanais (85% da xornada laboral ordinaria), cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano (aproximadamente 1.125,00 € netos mensuais).

3.- Segundo tenente de alcalde e Concellería delegada de Facenda, Promoción Económica e Deporte: dedicación parcial, cunha atención efectiva dun mínimo de 34 horas semanais (85% da xornada laboral ordinaria), cunha remuneración bruta mensual de 1.200,00 € en catorce pagas ao ano (aproximadamente 1.125,00 € netos mensuais).

4.- Os restantes membros da Corporación percibirán as seguintes indemnizacións por assistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte:

- Xuntas de Goberno: 0 €
- Pleno da Corporación: 60 €
- Comisións Informativas: 30 €

As retribucións e indemnizacións citadas experimentarán as variacións anuais que con carácter xeral dispoñan os Orzamentos Xerais para o funcionariado público.

Segundo.- Dispor a publicación deste acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para o coñecemento xeral.

3.- INCORPORACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE AGRA DE FILGUEIRA DE LOURO AO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO, DE ACORDO CO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA A FINANCIAMENTO DAS OBRAS "MELLORA DA SUPERFICIE DE XOGO DO CAMPO DE FÚTBOL DE AGRA DE FILGUEIRA (LOURO).

A **Sra. alcaldesa** dá lectura á proposta e indica que está estipulado no convenio a incorporación do céspede ao inventario de bens do Concello e logo dá paso á rolda de intervencións.

Só intervén a portavoz do Grupo Popular para dicir que é unha cuestión legal.

Votación: unanimidade.

Acordo:

Incorporar ao inventario de bens do Concello de Muros o céspede artificial do campo de fútbol de Agra de Filgueira, Louro, quedando afectado á finalidade pública para uso da superficie de xogo do campo de fútbol de Agra de Filgueira de Louro, de polo menos durante cinco anos.

- Denominación: céspede artificial de última xeración tipo MONDOTURF MONOFIBRE 3Nx 40 AS bicolor de 40 mm de altura e 12.000 Dtex, segundo se describe no proxecto de execución da obra "Mellora da superficie de xogo do campo de fútbol de Agra de Filgueira (Louro)".
- Superficie: 5.700 m².
- Natureza xurídica do ben: Propiedade.
- Operación: Adquisición.
- Valor adquisición: 129.162,00 euros.
- Destino, uso ou servizo ao que se adscribe: Superficie do campo de fútbol de Agra de Filgueira, Louro.
- Título e data de formalización: 09/12/2014

4.- PROPOSTA DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

Logo de ver a proposta presentada polo Goberno, a **Sra. Monteagudo** expresa o seu total acordo e ao non haber máis intervencións procédese á votación que é favorable por unanimidade.

Acordo:

Co obxecto de que a Consellería de Traballo e Benestar determine os dous días de cada ano natural que neste Concello teñen carácter de festas locais propias, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, o Pleno da Corporación propón como días festivos locais do Concello de Muros para o ano 2016: o día 29 de xuño, día de San Pedro e o día 16 de xullo, día da Virxe do Carme.

5.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía número 409 ao 457.

A portavoz do PSdeG-PSOE di que faltan as actas das Xuntas de Goberno.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

A **Sra. alcaldesa** pide que consten en acta os rogos e preguntas feitas por escrito polo BNG.

Rogos e preguntas do Grupo Popular:

- A portavoz do Grupo Popular pregunta sobre o curso escolar, como está o mantemento das escolas e que actividades extra escolares vai haber.
- Sobre a falta de recollida de lixo e útiles.
- Sobre a iluminación pública na Virxe e na Acea.
- Sobre os vertidos na praia da Rocha.
- Así mesmo, roga que se teña en conta e que se utilicen todos os órganos existentes (Consello Escolar, etc.)

Rogos e preguntas do PSdeG-PSOE:

- A portavoz do Grupo socialista pregunta sobre as actas das Xuntas de Goberno.
- Sobre o informe de intervención sobre o estado do orzamento, xa que non se trouxo.
- Sobre a homenaxe a “Eleuterio Balayo” xa que se fixeron os cambios a pesar de que hai un acordo nunha Xunta de Goberno Local.
- Pregunta cando se vai cortar a herba en Louro.
- Sobre a situación dun ancián que vive na Casa da Cultura.
- Cando se van a poñer en funcionamento os colectores soterrados.
- Quen é o director da obra da piscina.
- Quen está a informar o PEPCHA.
- Se se sacou a praza do CIM.
- Se se sacou a praza para un novo avogado e un novo aparelador.

O Grupo do BNG presenta o 30 de xullo de 2015 os rogos e preguntas que deberían terse formulado no pleno ordinario de xullo de 2015:

1.- Nestes días os usuarios e as usuarias das instalacións da piscina municipal fixéronnos chegar a súa preocupación pola paralización das obras de mantemento que estaban solucionando os graves problemas estruturais da cuberta. Queremos saber se van a remudarse as obras ou pola contra, seguirán os problemas de goteiras nas instalacións.

2.- En relación co punto anterior, rogamos ao goberno que de maneira urxente elabore un PLAN DE MANTENIMENTO XERAL para rematar coa improvisación que nos últimos anos derivou nun pésimo mantemento das instalacións e dos espazos públicos, que inclúa o mantemento e a limpeza de todas as instalacións de titularidade pública a cargo do Concello e dos espazos públicos (praias, estradas, camiños...)

3.- Rogamos a instalación urxente de bocas de rego nos núcleos veciñais aos que non ten acceso o servizo de extinción polo tamaño do camión, que permitan actuar rápido ante un posible incendio na temporada de verán.

4.- Rogamos que o Concello restaure a estrutura da rede de “Volei-praia” que estaba instalada na praia de Parameán, destruída nun acto vandálico e que viña sendo un espazo moi utilizado polas persoas usuarias de dita praia.

5.-Rogamos que o Concello se poña en contacto coas persoas titulares dos edificios que se atopan na zona costeira de Somorto, os cales presentan un estado calamitoso que pode poñer en risco a integridade física das persoas que transitan en dito contorno.

6.- Así mesmo, rogamos que se actúe do xeito máis acaído para reparar o risco de caída da árbore que se atopa na beira da praia de Somorto, a cal, debido á erosión do terreo, ten sen asentar gran parte das súas raíces e pode desprenderse, ocasionando posibles danos graves ás persoas usuarias de praia.

7.- Rogamos que se recoloque a iluminación do Busto de Pepe Agrelo, retirado durante o mandato anterior.

8.-En vista dos procesos de selección levados a cabo polo actual goberno, que manteñen en vigor as bases de selección utilizadas durante o anterior mandato, e que, a noso entender, son totalmente inxustas e arbitrarias, rogamos se elaboren con urxencia unhas novas bases de selección, que eliminen as sospeitas de posibles vicios e interferencias en ditos procesos.

9.- Preguntados sobre o estado das obras da Escola Infantil de Esteiro, se a obra está finalizada e entregada, e se está acondicionada co persoal e os elementos precisos para a súa apertura.

10.- Preguntamos sobre o estado das obras de mantemento do Colexio Ricardo Tobío de Esteiro, se está acondicionada a estrutura para evitar as graves filtración de auga que vén sufrindo nos últimos cursos e se o patio de recreo recuperou a pista polideportiva e os elementos que o Concello se comprometeu a restaurar.

11.- Rogamos que, no caso de que o citado colexio non teña arranxado os seus graves problemas estruturais, se propoña á dirección, á ANPA e a quen sexa oportuno, a cancelación do inicio escolar ata que ditos problemas sexan resoltos, debido aos graves riscos que as persoas escolarizadas e traballadoras do centro pode correr no calamitoso estado no que se atopaba o curso pasado.

12.- Rogamos o asfaltado do tramo de lugar do “Campo”, en Esteiro, entre o número 23 e o final da costa, debido aos grandes furados no firme que danan os vehículos que pasan por dito tramo.

13.- Rogamos a reparación urxente do paseo de Esteiro, asegurando as zonas máis danadas para evitar riscos graves para a integridade física das persoas usuarias do mesmo.

14.- Rogamos a rehabilitación dos Pozos do Chalón, que se atopan nun estado de conservación pésimo, e que se poña en valor como un espazo de interese turística.

15.- Rogamos a rehabilitación da táboas en mal estado do paseo marítimo de Louro.

16.- Rogamos se realicen as xestións necesarias para solicitar ADSL por cable para as parroquia de Abelleira e Torea.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as dez horas e vinte e seis minutos. Dou fe.